

The background features a close-up, slightly blurred view of several wooden planks stacked together. A large, semi-transparent red rectangle is overlaid on the left and center of the image, serving as a background for the text.

# MEMORIA ANUAL 2023

ASOCIACIÓN DEREITO A  
MORRER DIGNAMENTE

**G A L I C I A**

[derechoamorir.org](http://derechoamorir.org)

# Presentación

---

*Nesta memoria presentamos o traballo que a Asociación Dereito a Morrer Dignamente Galicia realizou ao longo do 2023.*

*Dende a aprobación da Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia (LORE) o traballo de DMD centrouse en coñecer cómo evoluciona o funcionamento da lei nas diferentes Comunidades Autónomas, analizar os datos obtidos e presionar todo o posible ás institucións para esixir milloras no seu funcionamento. Dende DMD Galicia estamos pendentes, na nosa Comunidade, do desenvolvemento da LORE e doutros dereitos sanitarios no final da vida.*

*Chegar á Cidadanía e ter ocasión de informar sobre os dereitos que temos ao final da vida é unha labor constante da Asociación en Galicia, sendo para elo fundamental manter relacións con outras organizacións interesadas.*

*Por outra parte, tamén é fundamental ser capaces de axudar a todas aquelas persoas con dificultades para exercer o seu dereito, desenvolvéndose esta labor dende o equipo de Atención Persoalizada. O número de peticións de información que recibe a Asociación é importante, aínda mais dende a aprobación da LORE en 2021, e debemos contar coa colaboración de socias e socios implicados que axuden nesta tarefa.*

*Gustaríanos que todo este esforzo se traducira, ademais, nun aumento do número de persoas asociadas, porque é fundamental que a sociedade se organice para darnos axuda mútua.*

---

## ACCIÓN POLÍTICA E INSTITUCIONAL

Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)

- Visibilizar o labor de DMD: defender os dereitos ao final da vida, monitorizar a aplicación LORE, denunciar incumprimentos, etc.
- Contribuír á reflexión e debate sobre a autonomía ao final da vida e a morte voluntaria.
- Manternos como entidade de referencia en materia de eutanasia e boa morte.

As institucións teñen un papel fundamental na promoción da morte digna como un valor social; por iso, desde DMD solicitamos ás mesmas que fagan a pedagogía necesaria dos dereitos ao final da vida entre a cidadanía e fomenten o Testamento Vital como ferramenta para a toma de decisións.

### Incidencia a nivel autonómico.

#### ● XANEIRO

##### **CONCENTRACIÓN POLO DÍA DA MORTE DIGNA EN GALICIA.**

Na praza do Obradoiro de Santiago de Compostela xuntámonos o 12 de xaneiro en concentración, para reivindicar a institucionalización do DÍA DA MORTE DIGNA EN GALICIA, en memoria de Ramón Sampedro no 25 aniversario da súa morte.

#### ● FEBREIRO

##### **MANIFESTACIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA EN GALICIA.**

DMD Galicia participou con pancarta propia na manifestación que tivo lugar en Santiago de Compostela o 12 de febreiro, en defensa da atención primaria na sanidade pública galega, convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública. O lema da pancarta: POLO DEREITO Á MORTE DIGNA DEFENDEMOS A SANIDADE PÚBLICA.

#### ● NOVENBRO

**Presentación no Parlamento de Galicia da [PNL \(proposición non de lei\) para declarar o 12 de xaneiro Día da Morte Digna en Galicia.](#)**



O día 7 de novembro debateuse no Pleno do Parlamento de Galicia a proposición non de lei presentada polo BNG (por iniciativa de DMD Galicia, da que tamén se informou ao PSdeG-PSOE) en relación á "Declaración de apoio ao recoñecemento do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galicia". Esa data é o aniversario da morte de Ramón Sampedro, e é o día para lembrar a loita polo dereito a decidir sobre a propia vida e a recibir axuda para poder poñerlle fin, salientándose así un contido central da dignidade na morte: o respecto á decisión autónoma da persoa.

Na Declaración, asinada polo BNG e polo PSdeG-PSOE, así como por numerosas organizacións da sociedade civil ao longo do pasado ano, apélase tamén á responsabilidade da sociedade e das institucións para que a lei que regula o dereito á eutanasia se desenvolva coa normalidade que se merece e tal como obriga a propia lei. A proposición resultou rexeitada pola oposición do PP e cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE.

#### ● DECEMBRO

##### **PARTICIPACIÓN NO FORO DE SANIDADE DO BNG**

Respondendo á invitación do Bloque Nacionalista Galego, participamos no Foro de Sanidade convocado coa finalidade de incorporar as propostas de DMD Galicia e do resto das organizacións asistentes ao seu programa electoral, de cara ás eleccións autonómicas.

## EXPANSIÓN

*Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)*

- Chegar á cidadanía.
- Máis persoas asociadas.
- Maior participación das persoas asociadas.
- Modelo de grupos.
- Formación do activismo.

O traballo de Expansión pretende que a asociación creza, pero non só en número de persoas asociadas; a nivel interno procúrase que máis persoas participen do traballo que se fai en DMD Galicia. Máis persoas asociadas ofrécennos máis capacidade económica e máis persoas traballando de forma activa é fundamental para xerar un relevo que faga perdurar a Asociación no tempo.

### Chegar á cidadanía

Unha das liñas principais de traballo para chegar á cidadanía é procurar a implicación doutras organizacións civís, así como a colaboración coas mesmas. Ao longo do ano DMD Galicia contactou con diversas organizacións da sociedade civil para solicitar a súa adhesión á Declaración de apoio ao recoñecemento do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galicia, que está a promover.

DMD Galicia forma parte de SOS Sanidade Pública e apoia as súas accións políticas en defensa dunha sanidade pública imprescindible para garantir o dereito a unha morte digna.

#### ● Xuño

##### **Dereitos sanitarios: eutanasia e testamento vital.** *(Charla Coloquio)*

Relator: Miguel Anxo García. Desenvólvese no Salón de Actos da Casa da Cultura de Fene.

##### **Mercado de O Calvario.** *(Mesa informativa)*

Varias compañeiras voluntarias de Vigo atenderon unha mesa informativa sobre dereitos sanitarios, o documento de instrucións previas e a labor da asociación. Diante do mercado de O Calvario en Vigo.

#### ● Xullo

##### **"Perspectivas sobre apoio e coidados para a mellora da calidade de vida en persoas maiores".** *(Xornadas)*

Participación de Isabel Blanco, vicepresidenta de DMD Galicia nas xornadas "Perspectivas sobre apoio e coidados para a mellora da calidade de vida en persoas maiores", da Cátedra Cruz Roja USC, que se celebraron do 11 ao 14 de xullo, no Centro Cultural O Vello Cárcere de Lugo. O seu relatorio: "eutanasia e coidados ao final da vida".

#### ● Setembro

##### **A prestación de servizos sanitarios ante os retos do século xxi.** *(Charla Coloquio)*

Relatoras: Isabel Blanco, Leo Estévez e Alexandra Sanmarful. Participan no curso da USC cunha charla coloquio relacionada cos dereitos para unha morte digna. Santiago de Compostela.

#### ● Decembro

##### **Dereitos sanitarios ao final da vida.** *(Charla Coloquio)*

Relatora: Ascensión Cambrón. Dirixida ao alumnado da Escola de Traballo Social de Santiago de Compostela.


##### **Testamento vital.** *(Espazo de apoio)*

Os segundos luns de cada mes DMD Galicia asesora a persoas interesadas para a presentación do testamento vital. Desenvólvese no espazo da cooperativa Amorada, en Vigo

### Máis persoas asociadas

O 1 de xaneiro de 2023 a Asociación DMD en Galicia estaba integrada por 276 persoas asociadas; ao longo do ano producíronse 15 altas, por outra banda prodúcense 17 baixas en 2023.

Este ano 2023 cambiouse a aplicación coa que se xestionan os datos de socias e socios, e tivemos ocasión de correxir un erro acumulado de +- 2 persoas. Por este motivo si sumamos as altas e restamos as baixas, na cifra da memoria de 2022 figuran dúas persoas menos asociadas.



A Asociación Federal pecha o ano 2023 con un total de 7.999 persoas asociadas, e un crecemento neto de 200 persoas.

## COMUNICACIÓN

*Extracto do Plan Estratéxico de DMD Federal (2022-2026)*

- Ser referente informativo da cidadanía, persoas socias e prensa

### Comunicados de prensa.

- 19 de abril

#### **COMUNICADO DE PRENSA EN RELACIÓN Á AUSENCIA DO PRECEPTIVO INFORME ANUAL DA CGA.**

Enviamos un comunicado de prensa denunciando o incumprimento da Comisión de Garantía e Avaliación de Galicia, no que atinxe á súa obriga legal de publicar anualmente un informe en relación ao desenvolvemento da LORE. A dous anos da entrada en vigor da mesma aínda non foi publicado ningún.

- 21 de junio

### [COMUNICADO DE PRENSA: DOUS ANOS DE APLICACIÓN DA LEI DE EUTANASIA.](#)

Enviamos un comunicado de prensa a modo de análise destes dous anos de aplicación da LORE. Luces e sombras.

- 19 de novembro

### [UTILIZACIÓN CONTRA O DEREITO Á EUTANASIA DUNHA DECISIÓN AUTÓNOMA.](#)

Comunicado de prensa en relación a un caso de solicitude de eutanasia que resultou especialmente mediático pola intervención de actores externos á petición. Apoio total á autonomía das persoas capaces na súa toma de decisións.

## Aparicións en prensa.

Durante 2023, a nosa presenza en medios consistiu en ofrecer o noso punto de vista sobre casos particulares que se fixeron públicos, en avaliar a posta en marcha da lei de eutanasia, así como a inacción da Administración en relación á modificación do documento de instrucións previas (DIP). En relación a isto último, a nosa presión tivo como consecuencia a inclusión de xeito correcto da opción da eutanasia no DIP do SERGAS.

- 7 de xaneiro

### [ENTREVISTA A MIGUEL ANXO GARCÍA, PRESIDENTE DE DMD GALICIA CO GALLO DO DÍA DA MORTE DIGNA EN GALICIA.](#)

Entrevista ao presidente de DMD Galicia en relación á concentración do 12 de xaneiro en memoria de Ramón Sampedro e para celebrar o Día da Morte Digna en Galicia.

- 30 de abril

### [ENTREVISTA A ASCENSIÓN CAMBRÓN, EXPRESIDENTA DE DMD GALICIA.](#)

Entrevista a Ascensión Cambrón no 25 aniversario da morte de Ramón Sampedro. Enlace a programa de 21'55 minutos VIVIR AQUÍ da CRTVG emitido o 30 de abril de 2023.

- NOVIEMBRE

### [INFORMACIÓN EN PRENSA EN RELACIÓN Á PRESENTACIÓN DA PNL NO PARLAMENTO DE GALICIA.](#)

[O PP veta declarar a data do falecemento de Sampedro Día da Morte Digna na Galiza](#)

[O 12 de xaneiro podería ser declarado Día da Morte Digna en Galicia](#)

[Galicia seguirá sen un Día da Morte Digna tras a negativa do PPdeG no Parlamento](#)

[Montse Prado apela a seguir avanzando no dereito a morrer dignamente e advirte do risco de retroceso co PP máis ultra](#)

[El PP gallego rechaza declarar el 12 de enero, fecha de la muerte de Ramón Sampedro, el Día de la Muerte Digna](#)

[El Parlamento debate este martes una iniciativa para que el 12 de enero sea declarado Día de la Muerte Digna en Galicia](#)

### [ENTREVISTAS CON MOTIVO DA PRESENTACION DA PNL \(PROPOSICIÓN NON DE LEI\) NO PARLAMENTO DE GALICIA O 7 DE NOVEMBRO:](#)

Entrevista en radio voz.

Entrevista na radio galega.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA


Extracto do Plan Estratégico de DMD Federal (2022-2026)

- Mellorar a atención personalizada e manernos como referentes na defensa do dereito á eutanasia e dos dereitos ao final da vida.
- Seguir ofrecendo información e asesoramento básicos a toda a poboación.

### Asesoramento en Galicia

DMD ofrece asesoramento de forma gratuíta a calquera persoa que o necesite, aínda que unha parte da atención, fundamentalmente cando esta require maiores recursos, realízase unicamente para persoas asociadas. O asesoramento que nos demandan pode consistir en información básica sobre o testamento vital ou chegar ata o asesoramento médico en situacións ao final da vida. Para que toda persoa que o necesite poida acceder ao noso asesoramento, en DMD Galicia contamos cunha dirección de correo electrónico e un teléfono.

Ao longo do ano 2023 o grupo de traballo de atención personalizada de DMD Galicia atendeu demandas de información sobre os seguintes temas: testamento vital (14), dereitos sanitarios ou enfermidade (12), eutanasia (12).



El gráfico muestra los datos globales de atención de la AFDMD.

Ademais dos datos xerais, en Galicia destacamos as seguintes atencións:

- Acompañamos e asesoramos a unha muller asociada (tiña recoñecido un aprazamento de cinco meses para a eutanasia) na súa solicitude de realización para unha data concreta. O servizo de farmacia hopsitalaria responsable de aportar os fármacos, para a súa administración en domicilio, demorouse inxustificablemente unha semana en proporcionar os mesmos. Enviouse escrito ao Director Xeral de Asistencia Sanitaria do SER-GAS denunciando os feitos. Esta muller, á que recordamos, participou no proxecto Narrativas de INEDyTO e grabou video co seu testimonio (aportado ás III Jornadas en Gandía).
- Acompañamento persoal a un socio "histórico" nunha residencia de Santiago na solicitude de eutanasia. Tuvo que esperar ao recoñecemento da súa capacidade polo xuíz. A duración da tramitación foi de 38 días.
- Asesoramento, a través do seu fillo, a un home nunha residencia da provincia de Lugo. O primeiro MR fixera un informe desfavorable. Despois de recurso á CGAE esta recomendou á Dirección Asistencial da Area Sanitaria o nomeamento dun novo MR (55 días). Dende a designación da nova MR pasaron 57 días hasta a PAM. Total tempo transcurrido, 112 días.
- Asesoramento a unha muller na provincia de Lugo, a través do seu fillo. Conseguiu facer a primeira solicitude despois de estar 15 días intentandoo. A tramitación resolveuse en 32 días.
- Asesoramento a un home en Ourense, a través dunha traballadora social amiga súa, que despois de reiniciar a tramitación por incumplimento do primeiro MR e nomeado outro novo MR, resolveu o proceso en 55 días.

### XESTION INTERNA

#### Asemblea de socias e socios

Celebramos Asemblea ordinaria. Repasamos a actividade desenvolvida ao longo do ano e damos conta dos proxectos e actividades previstas para o ano en curso.

#### Reunións da xunta directiva

A xunta directiva de DMD Galicia celebrou 8 xuntanzas ordinarias, nas que se trataron os seguintes temas, entre outros:

- Avaliación da actividade o Día da Morte Digna en Galicia.
- Participación na manifestación en defensa da Sanidade Pública.
- Orientacións do plan de traballo para 2023.
- Convocatoria da asemblea de asociadas/os.
- Revisión e valoración da memoria de actividade asociativa en 2022.
- Estado de tesourería.
- Formación de asociados/as e proposta de formación de especialistas sanitarias.
- Estado do cumprimento da LORE en Galicia

#### As contas de DMD Galicia

DMD Galicia tivo uns ingresos de 16.023,71€ e un gasto total de 13.966,68€. Estes gastos divídense en dous grupos: por unha banda o gasto directo, que se deriva fundamentalmente do desenvolvemento das actividades de DMD Galicia, que foi de 2.213,33€ e, doutra banda, a parte correspondente a Galicia do mantemento da estrutura común de DMD Federal que foi de 11.753,35€. Detállase o total de gastos nos seguintes epígrafes:

COMISIONS CONTA CORRENTE	125,33€
IMPOSTOS	8,47€
GASTOS PROFESIONAIS	9.758,28€
MATERIAL CORPORATIVO	1.537,31€
▶ GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA	
Revista e reprografía	1.483,31€
ESPAZO E SUMINISTROS	1.164,63€
MATERIAIS DE OFICINA	72,08€
ACTIVIDADES	730,02€
▶ GASTO DIRECTO DE DMD GALICIA	
Gastos de organización e desenvolvemento de actividades	730,02€
OUTROS GASTOS AFDMD ( <i>Xuntanzas Executiva, derivado do asesoramento, actividades Federal</i> )	66,88€
FORMACIÓN	489,62€
APORTACIÓN Á WORLD FEDERATION	14,06€



### Coordinación e integración en DMD Federal

DMD Galicia forma parte da Asociación Federal Dereito a Morrer Dignamente, que integra a todas as Asociacións Autonómicas de DMD e a todos os Grupos Locais en territorios que non dispoñen dunha Asociación Autonómica. Por unha banda forma parte da Xunta Directiva de DMD Federal e participa da toma de decisións, por outra se integra en todos os grupos de traballo e participa das actividades que se organizan, así como da súa Asemblea.

#### ■ Xunta Directiva

En 2023 a Directiva de DMD Federal convocouse nunha ocasión o 2 de outubro para informar dende a executiva e compartir decisións sobre algúns temas como a creación da Comisión de Xuristas para asesorar a DMD, a posibilidade de pagar campañas de difusión en redes sociais, o inicio de formación para activistas en marzo de 2024, revisión de tesoureirías, información sobre a situación internacional, o cambio da ferramenta para a xestión de datos, e propostas de actividade para o día 12 de xaneiro como día da Morte Digna no noso país.

#### ■ Asemblea Ordinaria da AFDMD

En xuño de 2023 convocouse a Asemblea Ordinaria de socios e socias da Asociación Federal, participando no caso de Galicia a Directiva en representación de socios e socias. Ademais de aprobar [o balance económico](#), [os presupostos](#) e [a memoria de DMD Federal](#), tamén se aprobou [o Regulamento de Réxime Interno da AFDMD](#).

#### ■ A Caixa Común

Na Asociación Federal temos un acordo polo que compartimos os recursos económicos. Todos os ingresos se concentran nunha Caixa Común dende a que se cubren os gastos de DMD Galicia e os gastos compartidos co resto da organización. Con este sistema preténdese:

- Millorar o funcionamento da organización utilizando os recursos humanos e materiais da federación coa máxima eficacia, diminuindo costes e poñendo a disposición dos grupos un equipo técnico para diferentes áreas de traballo.
- Descargar aos grupos sin capacidade para contratar a unha persoa para estas tarefas, facilitando o obxectivo fundamental da asociación: a difusión.
- Que todos os grupos teñan capacidade de desenvolver o Plan Estratéxico da Asociación sin que existan diferencias entre os grupos con maior capacidade económica e os que menos recursos económicos teñen.

Para calcular a parte de gasto compartido que debe cubrir cada Asociación repártese o montante total do gasto de Federal entre as diferentes Asociacións federadas de maneira proporcional ao número de persoas asociadas.

#### ■ Formación básica da AFDMD

Nunha das xuntanzas da Asociación Federal platexouse a necesidade de desenvolver unha formación que se organice de forma conxunta para activistas de todo o estado, coa participación das Asociacións Autonómicas e Grupos Locais. DMD Galicia, a través de Isabel Blanco, participa nesta actividade, que se desenvolverá en marzo de 2024.

### ■ Curso de verán

Os días 20, 21 e 22 de abril celebráronse en Gandía (Valencia) as [III Jornadas Vida Digna Muerte Digna](#), organizadas desde DMD Comunitat Valenciana en colaboración coa Asociación Federal e o Centre Internacional de Gandía da Universitat de València. No canal de YouTube de DMD publicouse unha [lista de reprodución con 6 videos das Xornadas](#).

A estas xornadas acudiron persoas de DMD de todo o estado. Por Galicia asistiron dúas persoas da Xunta Directiva (Isabel Blanco e Alexandra Sanmarful), realizando Isabel Blanco unha exposición.

Este encontro supuxo ampliar o coñecemento de socias e socios de outros territorios, coñecer a dinámica das organizacións autonómicas e aprender das conferencias e presentacións sobre temas relacionados con DMD.

### ■ Revista de DMD



[A revista de DMD](#) organízase con un grupo de redacción no que teñen cabida todas as Asociacións Autonómicas e os Grupos Locais. Ascensión Cambrón formou parte deste grupo representando a DMD Galicia durante o ano 2023.



**#LIBRES**

**A T A O**

**FINAL**

ASOCIACIÓN **DEREITO A**  
**MORRER DIGNAMENTE**

Esta memoria corresponde a la Asociación DMD Galicia 2023, podrá consultarse en la página web de la asociación:

 [www.derechoamorir.org](http://www.derechoamorir.org)